

CIRCULAR 39-2023

INFORMACIÓN SOBRE A CONVOCATORIA DO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO



Introdución

Infórmase da inminente convocatoria das probas de acceso ao Ciclo Inicial de Grado Medio de Técnico Deportivo en Atletismo, conforme ao disposto no DOGA número 10 do luns, 18 de xaneiro de 2016, resumido nesta circular.

Dito curso será impartido polo **Centro de Ensino Atletismo Galego (CEAGA)**, dependente da FGA, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña (Oleiros) durante os fins de semana para facilitar a formación académica das persoas interesadas.

Tal e como corresponde a nivel lexislativo, nas vindeiras semanas a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, publicará no DOGA (Diario Oficial de Galicia) a convocatoria das probas de acceso ás ensinanzas deportivas, entre elas, a correspondente ao Ciclo Inicial de Grado Medio de Técnico Deportivo en Atletismo.

Para adiantar información precisa ás persoas interesadas, a FGA remite esta circular co obxecto de elaborar unha pre-inscrición inicial. A data das probas de acceso, unha vez publicada pola Xunta de Galicia a través do DOGA, será comunicada por esta FGA a todas as persoas que fixeran a súa inscrición.

A programación das clases, presencias e telemáticas, serán impartidas durante os fins de semana (venres tarde e sábado, mañá e tarde). Inda que temos que esperar á publicación no DOG, con carácter provisional, se informa de que pretendemos iniciar o curso no mes de abril o u maio.

Por todo elo, ábrese un primeiro prazo de pre-inscrición para as persoas interesadas, dende hoxe ata o día **24 de marzo de 2023**. O número máximo de inscritos será de 35 e, no caso de superalos, serán elixidos por orde de chegada.

Pulsa no seguinte enlace para facer esta primeira pre inscrición:

[Solicitude de inscrición: Ciclo Inicial de Grao Medio - Técnico Deportivo en Atletismo \(google.com\)](#)

Índice xeral do documento

1. ORGANIZACIÓN DO CURSO	4
1.1. CONDICIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO CURSO.....	4
1.2. REQUISITOS DE ACCESO DO ALUMNADO:.....	5
1.3. PERSOAS CON DISCAPACIDADE	5
1.4. INSCRICIÓN	5
1.5. CUSTOS DO CICLO:.....	5
1.6. MATRICULACIÓN.....	6
1.7. CONVALIDACIÓNS.....	6
1.8. EXENCIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN PRÁCTICA	6
2. PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO	6
2.1. OBXECTIVO E CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS PROBAS	6
2.2. AVALIACIÓN DAS PROBAS.....	6
2.3. O TRIBUNAL.....	7
2.4. PROBAS DE ACCESO.	7
2.4.1. Aceleración en carreira saíndo desde os tacos	7
2.4.2. Carreira de valados	8
2.4.3. Salto de lonxitude	8
2.4.4. Salto de altura	9
2.4.5. Lanzamento de peso	9
2.4.6. As probas en formato vídeo	10
2.5. EXENCIÓN DA REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO ESPECÍFICAS.....	10
3. COMPETENCIAS DO CICLO INICIAL	10
3.1. COMPETENCIA XERAL DO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO EN ATLETISMO	10
3.2. COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS DO CICLO INICIAL.....	11
3.3. AMBITO PROFESIONAL, LABORAL E DEPORTIVO DO CICLO INICIAL.....	12
4. OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO INICIAL	13
5. DESENVOLVEMENTO DO CURSO	15
5.1. ESTRUTURA DO CICLO INICIAL DO GRADO MEDIO.....	15
5.2. FORMACIÓN PRESENCIAL (BLOQUE ESPECÍFICO).....	15
5.3. CONTROL DE ASISTENCIAS A CLASES	15
5.4. SITUACIÓNS DE LESIÓNS:.....	16

5.5.	FORMACIÓN A DISTANCIA (BLOQUE COMÚN E ESPECÍFICO).....	16
5.6.	EXENCIÓN E/O CONVALIDACIÓN DE MÓDULOS.....	18
5.7.	FORMACIÓN PRÁCTICA (150 H)	18
	5.7.1. Requisitos de acceso á formación práctica	18
	5.7.2. Finalidade da formación práctica	18
	5.7.3. Desenvolvemento da formación práctica	19
	5.7.4 Criterios de avaliación da formación práctica	20
	5.7.5 Temporalización e lugar do desenvolvemento do módulo práctico	20
	5.7.6. Exención total ou parcial do módulo de formación práctica.....	21
6.	CARGA LECTIVA DO CICLO INICIAL: TÉCNICO EN ATLETISMO.....	22
7.	PROFESORADO	23
8.	ANEXOS:.....	25

1. ORGANIZACIÓN DO CURSO

o Goberno da Nación aprobou o Real decreto 669/2013, do 6 de setembro, polo que se establece o título de técnico deportivo en Atletismo e se fixan as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso. O capítulo III deste real decreto concretou o perfil profesional do ciclo inicial e final de grao medio en Atletismo, que queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, pola relación de cualificacións e, se for o caso, as unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título e o ámbito profesional, laboral e deportivo

A Federación Galega de Atletismo, a través do seu **Centro de Ensinanzas Deportivas (CAD) Atletismo Galego**, (recoñecido pola Xunta de Galicia na resolución do DOGA do 26 de xullo de 2021), convoca o curso de Técnico Deportivo en Atletismo, correspondente ao Grao Medio que consta de dous niveis: Nivel 1 (Ciclo Inicial) e Nivel 2 (Ciclo Final) descritos no decreto 190/2015 do 10 de decembro e publicado no DOGA número 10 do 18 de xaneiro de 2016.

Nesta circular convócase o nivel 1 (Ciclo Inicial) para o presenta ano 2023, cunha carga lectiva de 430 horas e se informa sobre os aspectos máis relevantes deste nivel formativo. Unha vez concluído o mesmo, convocarase o nivel 2 (Ciclo final) cunha carga de 575 horas. Despois completárase o percorrido co Título de Técnico Deportivo Superior en Atletismo.

O título de técnico deportivo en Atletismo terá como especializacións:

- a) Atletismo escolar.
- b) Atletismo adaptado.

As probas específicas de acceso ao ciclo inicial que terán lugar **o XX de XXX de 2023 (pendente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade da Xunta de Galicia)**, a partir das 10:00 horas da mañá nas pistas da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, en Bastiagueiro (Oleiros). Cada un dos cinco apartados da proba específica de acceso recibe a cualificación de apto ou non apto. Convócanse 35 prazas.

1.1. CONDICIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO CURSO

O número final de alumnos/as non poderá ser inferior a vinte, nin superior a trinta e cinco, despois de superar as probas específicas de acceso. Cando o número de solicitudes exceda a cifra de trinta e cinco, o Centro de Ensinanzas Deportivas (CAD) Atletismo Galego poderá optar pola programación dun segundo grupo se as condicións o permiten.

1.2. REQUISITOS DE ACCESO DO ALUMNADO:

- a) Posuír o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou
- b) Ter máis 17 anos de idade e superar a proba de acceso que substitúe ao requisito do título de graduado en ESO, regulada pola Orde 1500/2009 do 3 de Abril.
- c) Superar as probas específicas de acceso.

1.3. PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As persoas con algún tipo de discapacidade deberán manifestalo no momento da súa inscrición, presentando o certificado de minusvalía ou recoñecemento de discapacidade.

1.4. INSCRICIÓN

A inscrición para realizar a proba de acceso ao curso farase a través dun formulario da Xunta de Galicia que será facilitado polo CAD Atletismo Galego e remitido a todas as persoas que fixeran a pre inscrición. Deberase abonar 35 horas á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade

IMPORTANTE: Só reservarse a praza para a realización das probas de acceso cando sexa acreditado o xustificante de pago.

1.5. CUSTOS DO CICLO:

CONCEPTO	Federados (1)	Resto de estudantes
Probas de acceso	50 €	50 €
Taxas xerais da Xunta de Galicia	35 €	35 €
Matrícula: BC+BE	380 €	450 € (2)
	465 €	535 €

- (1) Con licenza pola Federación Galega de Atletismo (FGA) nas tempadas 2021, 2022 e 2023.
- (2) En aplicación do convenio asinado entre a UDC e a FGA, terán dun 30% calquera membro da comunidade da UDC no custo da matrícula. Para os estudantes da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC a porcentaxe de desconto será dun 50%. O número máximo total de beneficiados por curso será de 10 matriculados/as, na suma total de ambas opcións.
- (3) Non son acumulables os descontos por “Federados” e pertenza á “Comunidade da UDC”

1.6. MATRICULACIÓN

Para formalizar a matrícula deberanse entregar os seguintes documentos, antes do **xx de xxx de 2023**:

- a) Copia cotexada da titulación académica (Graduado en ESO ou formación superior).
- b) Xustificante de pago de apertura de expediente realizado á Xunta de Galicia.
- c) Copia do DNI.
- d) Folla de matrícula cumprimentada e asinada.

1.7. CONVALIDACIÓNS

As convalidacións de módulos serán directamente xestionadas polos alumnos. Informarase dos pasos para seguir aos alumnos matriculados que soliciten acollerse a dito dereito (ver punto 5.5).

1.8. EXENCIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN PRÁCTICA

A solicitude de exención do módulo de formación práctica a realizará o alumno a través da dirección do Centro de Ensinanzas Deportivas (CAD) Atletismo Galego (ver punto 5.5).

2. PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO

Poderase acceder ás ensinanzas do ciclo inicial de grao medio en Atletismo sen o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, sempre que o/a aspirante reúna os outros requisitos de carácter específico que se establecen no Real decreto 669/2013, do 6 de setembro, cumpra as condicións de idade e supere a proba establecida no artigo 31.1.a) do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

2.1. OBXECTIVO E CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS PROBAS

- a) A proba específica de acceso aos ensinos de Técnico Deportivo en Atletismo ten por obxectivo que os aspirantes demostren que posúen as destrezas específicas necesarias para seguir con aproveitamento a formación.
- b) Os aspirantes realizarán cada exercicio de forma individual.
- c) A orde de participación nos exercicios que compoñen a proba establecerase mediante sorteo.

2.2. AVALIACIÓN DAS PROBAS

- a) Os avaliadores do tribunal de acceso valorarán de forma privada e independente a execución dos aspirantes e para iso situaranse en lugares con campos de visión semellantes.

- b) Cada exercicio servirá para avaliar no aspirante exclusivamente o obxectivo proposto para o mesmo.
- c) Só concederáse a cualificación de apto ou non apto. Para alcanzar a cualificación de apto os aspirantes deberán superar todos os exercicios dos que se compón as probas.

2.3. O TRIBUNAL

- a) O tribunal das probas terá como función desenvolver estas conforme o especificado. O tribunal estará composto por polo menos tres membros avaliadores, sendo un deles o secretario e un presidente nomeado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.
- b) A función do presidente do tribunal será garantir o correcto desenvolvemento das probas de acceso e dos exercicios que a compoñen, comprobando que se cumpran os obxectivos, contidos e a correcta avaliación dos exercicios que compoñen as probas.
- c) A función do secretario é levantar a acta do desenvolvemento da proba, certificando que o desenvolvemento desta atense ao establecido. Tamén realizará as funcións do Presidente na súa ausencia.
- d) Os avaliadores realizarán a avaliación da condición física e das habilidades motrices dos aspirantes, en razón dos criterios establecidos.
- e) Os avaliadores nas probas de acceso deberán estar en posesión do título de Técnico Superior en Atletismo.

2.4. PROBAS DE ACCESO.

Os aspirantes actuarán individualmente e na orde que se estableza. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación. A proba constará dos seguintes contidos:

2.4.1. Aceleración en carreira saíndo desde os tacos

1. Realiza a colocación e a acción da saída de tacos, colocándoos con eficacia e respectando o regulamento, executando a técnica de forma axustada ás fases da saída de tacos e alcanzando de forma progresiva a velocidade de desprazamento.
 - a) Colocáronse os tacos de saída coa separación axeitada ao/á executante
 - b) Colocáronse os tacos detrás da raia de saída.
 - c) Colocouse o/a aspirante nos tacos á voz de «aos postos», e coas mans detrás da raia.
 - d) Colocouse subindo a cadeira á voz de «listos/as».
 - e) Púxose en acción ao sinal accionando os brazos e empuxando coas pernas nos tacos.

- f) Realízouse un incremento progresivo da velocidade desde a saída ata os 20 metros.

Proba asociada: preparación dos tacos e saída de velocidade.

Preséntase ao/á aspirante uns tacos para realizar a saída e debe realizar as seguintes accións:

- Colocación dos tacos detrás da raia de saída.
- Execución da acción de saída de tacos e carreira en progresión durante 20 metros.

2.4.2. Carreira de valados

2. Realiza a elección da altura e distancia de valados, executa a acción de paso de valados, demostrando o nivel técnico axeitado para o desempeño da iniciación deportiva.

- a) Realízouse a saída desde unha distancia que lle permita chegar coa perna elixida.
- b) Realizáronse tres pasos entre o primeiro e o segundo valado e entre o segundo e o terceiro valado cun posicionamento equilibrado do corpo e apoios correctos.
- c) Apoíouse, logo do paso do valado, co mínimo de flexión na perna e o nocello nos tres valados, e sen excesiva perda de velocidade.

Proba asociada: paso de valados.

Ao/á alumno/a preséntaselle a zona de carreiras con tres valados e debe realizar as seguintes accións:

- O/a alumno/a elixe a altura do valado de entre 76 e 84 centímetros, e a distancia entre valados de entre 7 e 8 metros.
- O/a alumno/a debe talonar unha distancia ao primeiro valado, realizar o paso dos tres valados e seguir correndo durante polo menos 10 metros máis.

2.4.3. Salto de lonxitude

3. Realiza o salto de lonxitude, talonando a carreira, aplicando as técnicas de carreira, batida, voo e caída no foso, demostrando o nivel técnico axeitado para o desempeño da iniciación deportiva.

- a) Talonouse unha carreira de impulso dunha distancia aproximada de 15 m con referencia ao bordo do foso.
- b) Bateuse cunha perna antes do foso de caída.
- c) Fíxose un voo equilibrado na técnica escollida polo/pola alumno/a.
- d) Caeuse a dous pés no foso.
- e) Saíuse do foso por diante.

Proba asociada: salto de lonxitude.

Preséntase ao/á alumno/a a zona axeitada para realizar o salto de lonxitude e debe talonar unha carreira de lonxitude curta (ao redor de 15 m) con referencia ao bordo do foso e realizar as accións de carreira, batida, voo e caída.

2.4.4. Salto de altura

4. Realiza o salto de altura con listón (ou goma), aplicando o estilo Fosbury flop, demostrando o nivel técnico axeitado para o desempeño da iniciación deportiva.

- a) Talonouse unha carreira de catro pasos en curva polo lado tecnicamente correspondente á perna de batida escollida.
- b) Correuse en curva cunha boa posición de carreira e bateuse coa perna exterior.
- c) Saltouse verticalmente e colocouse o corpo por enriba do listón.
- d) Traspasouse o listón, retirando as pernas e caendo de costas no colchón.

Proba asociada: salto de altura.

Preséntase ao/á aspirante a zona axeitada para realizar un salto de altura e o/a alumno/a debe:

- Elixir a altura do listón ou goma.
- Realizar o salto estilo *Fosbury flop*, cunha carreira de catro pasos en curva.

2.4.5. Lanzamento de peso

5. Realiza o lanzamento de peso desde o círculo con técnica lineal, demostrando o nivel técnico axeitado para o desempeño da iniciación deportiva.

- a) Colocouse o peso pegado ao pescozo e colócase de costas á dirección de lanzamento.
- b) Realizáronse os movementos de balanza coa perna libre, previos ao desprazamento coa perna dereita (lanzador/a destro/a).
- c) Realizouse o desprazamento lanzando a perna esquerda cara ao contentor e empuxando coa perna dereita ata o apoio dos dous pés (lanzador/a destro/a).
- d) Chegouse á posición final, logo de empuxar coa perna dereita, colocar o corpo de cara ao lanzamento e lanzar (lanzador/a destro/a).
- e) Recuperouse o equilibrio cambiando o apoio do pé esquerdo polo apoio do pé dereito sen exceder o contentor, saíndo do círculo pola parte posterior (lanzador/a destro/a).
- f) Os criterios 2, 3, 4 e 5 adaptaranse ao/á lanzador/a zurdo/a.

Proba asociada: lanzamento de peso.

Preséntase ao/á aspirante o material necesario e a zona de lanzamento de peso, onde o/a executante debe:

- Realizar a proba de lanzamento de peso utilizando a técnica lineal.
- Utilizar un artefacto de 3 ou 4 kg

2.4.6. As probas en formato vídeo

[Ver vídeo da saída de tacos - YouTube](#)

[Ver vídeo do paso de valos - Youtube](#)

[Ver vídeo do salto de lonxitude - Youtube](#)

[Ver vídeo do salto de altura - YouTube](#)

[Ver vídeo do lanzamento do peso - Youtube](#)

2.5. EXENCIÓN DA REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO ESPECÍFICAS

O requisito específico de acceso ás ensinanzas deportivas é a superación dunha proba específica ou a acreditación dun mérito deportivo, definido de acordo co Real decreto que define o título na correspondente modalidade deportiva. Así mesmo, poderán ser obxecto de exención da realización da proba específica de acceso ao Ciclo Inicial de Técnico Deportivo en Atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia, aquelas persoas que acrediten algunha das condicións que se detallan na táboa seguinte.

- Quen acredite a condición de deportista de alto nivel ou deportista de alto rendemento nas condicións que establece o Real Decreto 971/2007, do 3 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento para a modalidade deportiva de Atletismo.
- Quen acredite a condición de deportista de alto rendemento ou equivalente na modalidade de Atletismo, establecida polas comunidades autónomas de acordo coa súa normativa.
- Estar clasificado/a entre os oito primeiros, polo menos unha vez nos últimos dous anos, en calquera especialidade ou proba da categoría absoluta do campionato de España. Esta condición deberá ser acreditada pola Real Federación Española de Atletismo

O procedemento de solicitude de exención require a inscrición correspondente nas probas de carácter específico obxecto desta convocatoria, así como o pagamento dos prezos públicos correspondentes de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño. Xunto coa solicitude de exención da realización da proba de carácter específico deberase achegar a documentación acreditativa que corresponda, e será o tribunal avaliador nomeado para cualificar a dita proba quen valore esa documentación e determine a exención da proba á persoa solicitante.

3. COMPETENCIAS DO CICLO INICIAL

3.1. COMPETENCIA XERAL DO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO EN ATLETISMO

Segundo o DOGA número 10 do luns, 18 de xaneiro de 2016, a competencia xeral do ciclo inicial de grao medio en atletismo consiste en dinamizar, instruír e concretar a iniciación deportiva en atletismo; organizar, acompañar e tutelar aos atletas

durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel; e todo iso conforme ás directrices establecidas na programación de referencia, en condicións de seguridade e co nivel óptimo de calidade que permita a satisfacción dos atletas na actividade.

3.2. COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS DO CICLO INICIAL

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo inicial de grao medio en atletismo son as que se relacionan a continuación:

- a) Dominar as técnicas básicas en atletismo con nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias da iniciación deportiva.
- b) Atender ao atleta informando das características da actividade, solicitando información sobre as súas motivacións e intereses e motivándolle cara á práctica do atletismo.
- c) Valorar as habilidades e destrezas específicas dos atletas co obxecto de determinar o seu nivel para propoñer a súa incorporación a un grupo e tomar as medidas de corrección adecuadas.
- d) Concretar a sesión de ensino aprendizaxe para a iniciación ao atletismo de acordo con a programación de referencia, adecuándose ao grupo e ás condicións materiais existentes, tendo en conta a transmisión de valores de práctica saudable e o respecto e coidado do propio corpo.
- e) Dirixir a sesión de ensino-aprendizaxe de iniciación en atletismo, solucionando as continxencias existentes, para conseguir unha participación e rendemento conforme aos obxectivos propostos da mesma, e dentro das normas ambientais e as marxes de seguridade requiridos.
- f) Controlar a seguridade da actividade no nivel de iniciación en atletismo, supervisando as instalacións e medios utilizados e intervindo nas situacións de risco detectadas.
- g) Asistir como primeiro interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.
- h) Seleccionar aos atletas en función do seu nivel e características, comprobando que se adaptan ás esixencias da competición de nivel de iniciación deportiva, respectando os obxectivos propostos e conforme ás marxes previstas de seguridade.
- i) Acompañar aos atletas nas competicións e outras actividades do nivel de iniciación para proporcionar unha experiencia motivadora e segura.

- j) Dirixir aos atletas en competicións de nivel de iniciación dentro dos valores éticos vinculados ao xogo limpo e o respecto aos demais reforzando a súa responsabilidade e esforzo persoal.
- k) Colaborar e intervir na organización e xestión de competicións e eventos propios da iniciación en atletismo, co obxecto de captar, adherir e fidelizar ao atleta na práctica do atletismo.
- l) Valorar o desenvolvemento da sesión, recollendo e procesando a información necesaria para a elaboración de xuízos que permitan o axuste e mellora permanente do proceso de ensino-aprendizaxe e das actividades propias da iniciación ao atletismo.
- m) Transmitir a través do comportamento ético persoal valores vinculados ao xogo limpo, o respecto aos demais e o respecto e coidado do propio corpo.
- n) Manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no ámbito do seu labor como técnico deportivo en atletismo.
- o) Manter a iniciativa e autonomía dentro do traballo en equipo para o desempeño das súas funcións.

3.3. AMBITO PROFESIONAL, LABORAL E DEPORTIVO DO CICLO INICIAL

1. Este/a profesional desenvolve a súa actividade profesional tanto no ámbito público, xa sexa a Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas ou locais, como en entidades de carácter privado, xa sexan grandes, medianas ou pequenas empresas, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións e clubs deportivos e sociais, escolas de atletismo, centros de iniciación deportiva, centros educativos, empresas de servizos deportivos, campus de atletismo etc. que ofrezan actividades deportivo recreativas de descubrimento e iniciación ao atletismo.
2. Sitúase nos sectores do deporte, o lecer e tempo libre e o turismo.
3. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes/as profesionais son as seguintes:
 - a) Monitor/a de atletismo.
 - b) Auxiliar de competicións de atletismo.
4. O desenvolvemento destas ocupacións e postos de traballo no ámbito público realizarase de acordo cos principios e requisitos de acceso ao emprego público previstos na normativa vixente.

4. OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO INICIAL

- a) Executar técnicas básicas propias deste nivel, coa seguridade suficiente e tomando conciencia do realizado, para servir de modelo no proceso de ensino-aprendizaxe da iniciación ao atletismo.
- b) Establecer e transmitir a información sobre a actividade e recoller a información sobre os/as participantes, analizando as características da información e aplicando procedementos establecidos, para atender e motivar o/a atleta.
- c) Analizar a execución técnica no nivel de iniciación, utilizando procedementos establecidos e comparando a execución técnica cos estándares propios da iniciación en atletismo para valorar a execución dos/das atletas, determinar o seu nivel e concretar o seu agrupamento.
- d) Interpretar e adaptar a programación de referencia e a organización da sesión, utilizando criterios de elección e temporalización das tarefas, discriminando a información sobre as características do grupo e as condicións materiais existentes, para concretar a sesión de ensino-aprendizaxe da iniciación ao atletismo.
- e) Elixir e demostrar as técnicas de dirección e procedementos de control das contingencias, aplicando instrumentos de observación e control e resolvendo supostos, para dinamizar sesións de ensino-aprendizaxe de iniciación ao atletismo.
- f) Identificar as condicións de seguridade das instalacións e medios propios da iniciación deportiva, aplicando procedementos establecidos e a normativa vixente, para controlar a seguridade na práctica.
- g) Describir, preparar e executar os primeiros auxilios, identificando as características dos supostos e aplicando os protocolos establecidos, para asistir como primeiro/a interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.
- h) Identificar as características das competicións e eventos propios da iniciación deportiva, analizando o regulamento e as bases de competición para seleccionar os/as atletas en función do seu nivel e características
- i) Identificar e describir os procesos de inscrición e acompañamento de atletas así como os aspectos técnicos e tácticos da competición e eventos propios da iniciación deportiva, analizando supostos, aplicando os procedementos establecidos e tendo en conta o regulamento, para acompañar e dirixir os/as atletas en competicións de nivel de iniciación.
- j) Identificar e describir as características organizativas das competicións e eventos propios da iniciación deportiva, enumerando os medios materiais e humanos

necesarios, para colaborar e intervir na organización e xestión deste tipo de actos.

- k) Identificar e describir as variables que interveñen no desenvolvemento da actividade, aplicando os procedementos establecidos e clasificando a información obtida, para valorar o desenvolvemento da sesión de iniciación e o acompañamento en atletismo e axustar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- l) Identificar e describir as características do proceso de adquisición de valores e actitudes, sendo consciente e argumentando os efectos que provocan nos/nas atletas, para transmitir valores propios da actividade deportiva a través do comportamento ético persoal.
- m) Recoñecer e promover os valores de compromiso, traballo ben feito e aprendizaxe constante, describindo as actitudes que reflicten estes valores, para manter o espírito de responsabilidade individual, esforzo persoal e innovación no desempeño do seu labor como persoal técnico.
- n) Identificar e describir os principios que fundamentan o traballo en equipo, sendo consciente da importancia do liderado e a comunicación, para manter a iniciativa e autonomía dentro do grupo de traballo.
- o) Identificar e describir as características básicas das principais discapacidades, seguindo os procedementos de actuación establecidos e fixando as condicións básicas de relación e comunicación, para facilitar a integración e normalización das persoas con discapacidade.

5. DESENVOLVEMENTO DO CURSO

5.1. ESTRUTURA DO CICLO INICIAL DO GRADO MEDIO

Os módulos de ensino deportivo do ciclo inicial de grao medio en Atletismo son os que a continuación se relacionan:

- a) Módulos do bloque común:
 - MED-C101. Bases do comportamento deportivo.
 - MED-C102. Primeiros auxilios.
 - MED-C103. Actividade física adaptada e discapacidade.
 - MED-C104. Organización deportiva.
- b) Módulos do bloque específico:
 - MED-ATAT102. Metodoloxía do ensino do atletismo.
 - MED-ATAT103. Organización de actividades de iniciación en atletismo.
 - MED-ATAT104. Formación práctica

O curso consta de tres partes formación presencial, formación a distancia e formación práctica.

5.2. FORMACIÓN PRESENCIAL (BLOQUE ESPECÍFICO)

Calendario provisional de formación presencial: As clases presenciais celebraranse entre os meses de abril e xullo de 2023. O inicio será **o venres XX de xxxxx de 2023.**

5.3. CONTROL DE ASISTENCIAS A CLASES

A asistencia considérase fundamental para lograr as competencias asociadas ao curso, por iso infórmase ao alumnado das penalizacións que sufrirá a nota final en función das súas faltas de asistencia. A partir da nota media ponderada lograda en base ás diferentes actividades de avaliación, para obter a nota final restarase o que corresponda ás faltas de asistencia non xustificadas. Isto é:

